

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de 15 minutos.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folia autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. De conformidade co artigo 1 da Lei xeral de sanidade, son titulares do dereito á protección da saúde e á atención sanitaria:

- A) Unicamente os cidadáns españois
- B) Unicamente os cidadáns europeos
- C) Os españois e os cidadáns estranxeiros que teñan establecida a súa residencia no territorio nacional
- D) Os españois e os cidadáns europeos que teñan establecida a súa residencia no territorio nacional por un período superior a un ano

2. A Lei de saúde de Galicia fai referencia a:

- A) A atención primaria e hospitalaria
- B) A atención a urxencias e emerxencias
- C) A atención sociosanitaria
- D) Todas as opcións son correctas

3. De acordo co establecido no Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, son retribucións básicas:

- A) O soldo e as pagas extraordinarias
- B) O soldo e os trienios
- C) O soldo, os trienios e as pagas extraordinarias
- D) O soldo, os trienios, as pagas extraordinarias e o complemento específico

4. Segundo o artigo 9 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a función de vixilancia e contro lda normativa sobre riscos laborais corresponde a:

- A) Ao Ministerio de Traballo
- B) A Inspección de Traballo e Seguridade Social
- C) Ao Ministerio de Sanidade
- D) Ao Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo

5. Segundo o artigo 25.1 da Constitución Española, ningún pode ser sancionado por:

- A) Accións ou omisións que no momento de producirse non constitúan delicto, falta ou infracción administrativa, segundo a lexislación vixente naquel momento
- B) Accións que no momento de sancionarse non constitúan delicto ou falta, segundo a lexislación vixente naquel momento
- C) Accións ou omisións que no momento de sancionarse non constitúan delicto, falta ou infracción administrativa
- D) Ningunha opción é correcta

6. De acordo co artigo 3 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal:

- A) Teñen o carácter de fontes de acceso público os diarios e boletíns oficiais e os medios de comunicación
- B) Teñen o carácter de fontes de acceso privado os diarios e boletíns oficiais
- C) Teñen o carácter de fontes de acceso público os boletíns oficiais e os medios de comunicación escrita
- D) Teñen o carácter de fontes de acceso público os diarios e boletíns oficiais establecidos regulamentariamente

7. De acordo co artigo 33 do Estatuto marco, o persoal estatutario temporal:

- A) Non estará suxeito a período de proba
- B) Non poderá estar suxeito a un período de proba superior a un mes de traballo efectivo
- C) Poderá estar suxeito a un período de proba non superior aos seis meses de traballo efectivo
- D) Poderá estar suxeito a un período de proba non superior aos tres meses ou aos dous meses de traballo efectivo, dependendo do tipo de persoal de que se trate

8. De acordo co establecido no artigo 53 do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde:

- A) Anualmente, o persoal terá dereito a unha vacación retribuída cuxa duración non será inferior a 30 días naturais ou ao tempo que proporcionalmente corresponda en función do tempo de servizos
- B) Anualmente, o persoal terá dereito a unha vacación retribuída cuxa duración non será superior a un mes
- C) O persoal terá dereito a unha vacación retribuída cuxa duración non será inferior a 22 días hábiles
- D) Anualmente, o persoal terá dereito a unha vacación retribuída cuxa duración non será inferior a 20 días hábiles ou ao tempo que proporcionalmente corresponda en función do tempo de servizos

9. De acordo co establecido na Lei de saúde de Galicia, o órgano colexiado de participación comunitaria no Sistema Público de Saúde de Galicia é:

- A) O Consello Asesor de pacientes
- B) O Consello Consultivo de Galicia
- C) O Consello Galego de Saúde
- D) A Comisión de participación cidadá

10. De acordo co artigo 11 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a circunscrición electoral para o Parlamento de Galicia é:

- A) O concello
- B) A provincia
- C) Os concellos e parroquias
- D) Ningunha opción é correcta

Preguntas de reserva

1. De acordo co establecido na Lei de saúde de Galicia, o Servizo Galego de Saúde configúrase como:

- A) Un organismo autónomo de natureza administrativa sen personalidade xurídica propia
- B) Un organismo autónomo de natureza executiva dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins
- C) Un organismo autonómico sen personalidade xurídica propia
- D) Un organismo autónomo de natureza administrativa, dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins

2. A Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, define o "risco laboral" como:

- A) Os accidentes de traballo e enfermidades profesionais
- B) Os procesos, actividades e operacións desenvolvidas no traballo
- C) A posibilidade de que un traballador sufra un determinado dano derivado do traballo
- D) As enfermidades sufridas como consecuencia do traballo